

Preguntas e respostas breves sobre o estado de alarma (con razón do COVID-19)

Unha proposta informativa en evolución constante



A chegada deste documento ten valor informativo e recolle unicamente o parecer do seu autor como manifestación do dereito á expresión de ideas e opinións.

Nin a dirección nin a autoría deste texto asumen responsabilidade algunha por eventuais danos ou prexuízos, de calquera clase e natureza, que poidan derivarse do uso da información contida no mesmo.

Dirección: ARELAS – Asociación de familias de menores trans*

Autoría e revisión: Miguel Vieito Villar (xurista e asesor xurídico de ARELAS)

Data de última revisión: 28 de marzo de 2020

Enderezo electrónico de contacto: arelasasociacion@gmail.com



Permítese a descarga e partilla deste documento, respectando os termos da licenza: citación de fontes, ausencia de lucro e partillas nas mesmas condicións

Sumario de contidos

Introdución.....	5
1.- Que é un estado de alarma?	5
2.- Canto dura o estado de alarma?.....	6
3.- Que pode facer o Goberno central durante este tempo?.....	6
4.- Podo saír á rúa durante o estado de alarma?.....	7
5.- Podo saír a dar un paseo breve ou a facer exercicio na rúa?	8
6.- Pero lin que as persoas con discapacidade si poden saír a pasear.....	9
7.- Tiña que realizar un trámite administrativo nun prazo que está próximo a esgotarse, que fago?.....	10
8.- Que pasa cos procedementos de cambio de sexo e nome rexistral xa presentados? E cos que queremos presentar canto antes?.....	10
9.- E co trámite da Lei Trans Estatal?.....	11
10.- Teño un réxime de visitas, a consecuencia dunha separación ou un divorcio: debo seguir cumpríndoo?.....	12
11.-Estou sufrindo violencia de xénero, discriminacións e/ou agresións LGTBIfóbicas (presenciais ou online), que recursos existen?	13
12.- Son autónomx, e preciso solicitar unha prestación por cese de actividade, a onde podo acudir?.....	14
13.- A miña empresa acaba de se acoller a un ERTE. Iso que significa para min?	15
14.- Teño que seguir pagando a hipoteca durante o estado de alarma?.....	16
15.- Vin nunha cadea de WhatsApp que.....	17
Algúns recursos adicionais.....	19
<i>Datos sanitarios e epidemiolóxicos.....</i>	<i>19</i>

<i>Recursos de apoio e de entidades.....</i>	<i>19</i>
<i>Liñas telefónicas de axuda, apoio e información.....</i>	<i>20</i>

Introdución

Este documento é concibido como un espazo onde aclarar algunha das moitas dúbidas que o estado de alarma pode xerarnos.

Trátase dun espazo vivo, pois a información que se ofrece haberá de ser actualizada de xeito constante, para incluír os últimos datos ou as últimas mensaxes que, dende fontes oficiais, se fagan públicos.

(Convidámosvos a consultar sempre a data de última actualización do documento).

En todas as respostas ofreceremos fontes de referencia e de confianza onde verificar a información, contrastala ou ampliála.

Se atopades respostas das que discrepades, informacións ou campos que non estamos a abordar, ou erros nos datos que proporcionamos, non dubidedes en vos poñer en contacto con nós no seguinte enderezo de correo electrónico: arelasasociacion@gmail.com

Esperamos que poida contribuír á seguridade e a tranquilidade nalgúns elementos cos que as diferentes publicacións que estamos a recibir, algunhas lexítimas e outras directamente maliciosas, nos bombardean nestes días.

1.- Que é un estado de alarma?

O estado de alarma é aquel que se declara en circunstancias extraordinarias que afectan a todo o Estado, e que fan imposíbel o “mantemento da normalidade mediante os poderes ordinarios das Autoridades competentes”. Un dos seus presupostos é a concorrencia de "crises sanitarias, como epidemias".

Durante este período, por definición transitorio, as decisións en moitas áreas de Goberno serán tomadas polo Executivo Nacional, e poden impoñerse limitacións a algúns dereitos da cidadanía, coa finalidade de abordar, do modo máis eficaz posíbel, unha situación excepcional.

O estado de alarma regúlase en dous corpos normativos. Por unha banda a Constitución Española de 1978¹, no seu artigo 116 e, por outra e en desenvolvemento deste, na Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e cerco².

1 Podedes consultar o texto consolidado neste enderezo: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1978-31229>

2 É esta: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1981-12774>

É moi importante recordar que, durante o estado de alarma, as Institucións do Estado seguen a funcionar con "normalidade". Neste caso, o Goberno debe render contas no Congreso dos Deputados sobre as medidas tomadas e as normas ditadas.

2.- Canto dura o estado de alarma?

A determinación desta situación excepcional, que corresponde ao Goberno do Estado, pode solicitarse inicialmente só por 15 días, que son susceptíbeis de ser prorrogados.

As normas dinnos (Artigo 1.2 da Lei Orgánica) que debe durar o mínimo imprescindible para asegurar o restablecemento da normalidade.

(No momento de redacción desta actualización do documento, tense prorrogado o estado de alarma até as 00:00h do día 12 de abril³).

3.- Que pode facer o Goberno central durante este tempo?

Como dicíamos, durante o tempo que dure a alarma, todas as Autoridades e Administracións Públicas, así como Policía Autonómica e Local quedan baixo as ordes directas do Estado.

O artigo 11 da Lei Orgánica dinos que medidas poden acordarse:

1. Limitar a circulación de persoas e vehículos, podendo establecer requisitos para esta circulación
2. Practicar requisas temporais, e impor prestacións persoais obrigatorias
3. Intervir e ocupar industrias, fábricas, talleres, exploracións ou calquera tipo de local (mais non domicilios privados)
4. Limitar o uso de servizos ou o consumo de artigo de primeira necesidade
5. Asegurar abastecemento de establecementos e mercados

É unha norma xurídica a que nos di o que o Estado pode facer neste tempo; e

³ Vid. Real Decreto, 476/2020, de 27 de marzo: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2020-4155>

tamén o é a que nos impón obrigas a nós: o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19⁴.

O Goberno non pon en marcha neste Real Decreto todas as medidas que podería tomar. Facendo bo uso do mandato constitucional, limita as competencias que reclama a áreas clave (nalgunha das cales xa tiña competencia case plena): Sanidade, Defensa, Interior (para a xestión única das Forzas e Corpos de Seguridade) e Transportes.

4.- Podo saír á rúa durante o estado de alarma?

Non.

O réxime xeral, e o punto do que debemos mentalizarnos é de que non se pode (e non se debe) abandonar o domicilio baixo ningún concepto. O illamento social é a medida máis efectiva contra a infección e precísase un tempo prolongado e con alto nivel de esixencia para podermos vencer á epidemia⁵.

O que si se establecen son unha serie de excepcións a este réxime xeral. Pero, insistimos, son casos que deben entenderse como excepciónais, e usarse restritivamente. Podemos saír da casa para:

1. Mercar alimentos, produtos de farmacia e de primeira necesidade

Recordade o principio xeral. O que se busca é que saiamos o menos posíbel: non ten sentido e non é recomendábel ir á compra 4 veces no día, ou a mercar o pan a diario. Saiamos o mínimo que resulte necesario (intentade facer compras para varios días).

2. Acudir a centros de saúde

Só cando sexa necesario.

Recomendámosvos empregar as formas de saúde electrónica que xa

-
- 4 Podedes consultar o seu texto aquí: <https://www.boe.es/eli/es/rd/2020/03/14/463/con>
O Real Decreto ten sido obxecto, a data de actualización deste documento, dunha modificación. É esta: <https://www.boe.es/eli/es/rd/2020/03/17/465>
Recomendamos sempre consultar a versión "consolidada" do Real Decreto orixinal.
- 5 Podedes ver as medidas sanitarias e de combate da pandemia, recomendadas pola Organización Mundial da Saúde, neste enderezo: <https://www.who.int/es/emergencies/diseases/novel-coronavirus-2019/advice-for-public>
Recomendámosvos tamén que consultedes, en caso de dúbida, os espazos web:
-Do Ministerio de Sanidade: <https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/ciudadania.htm>
-Do Servizo Galego de Saúde: <https://coronavirus.sergas.gal/>
Empregade unicamente información de fontes oficiais e manexade sempre información actualizada!

existen (e-saúde) ou, cando a nosa situación clínica o permita, empregar as consultas telefónicas.

3. Ir ao lugar de traballo

Se estades nun sector que prosegue a súa actividade, podedes ir a traballar, sempre cumprindo as máis das garantías e nos termos e instrucións que x vosx empregador/a teña impartido.

4. Volver á residencia habitual

5. Desprazarnos para coidar a persoas maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou especialmente vulnerábeis

Sempre que sexamos nós as persoas encargadas do coidado, e que ese coidado sexa necesario e imprescindible. É dicir: se a nosa persoa achegada xa está ingresada nun centro social, por exemplo, alá estará ben coidada. Visitala é posíbel que a coloque nun risco para a súa saúde.

Non podemos (nin debemos) dar respostas xerais. Cada un/unha de nós deberá analizar, caso por caso, a súa realidade.

6. Ir a bancos e entidades aseguradoras

Só para aqueles trámites que non poidan agardar máis, que sexan urxentes.

Ir a actualizar a cartilla, a retirar cartos nun caixeiro ou facer unha transferencia non parece aconsellábel. Intentade empregar ao máximo os servizos de banca electrónica e pagar con tarxeta bancaria

7. Situacións análogas que, non estando recollidas nos números anteriores, teñen unha natureza similar: saídas urxentes, necesarias e improrrogábeis.

5.- Podo saír a dar un paseo breve ou a facer exercicio na rúa?

Non.

Eses dous supostos non están contemplados no catálogo de excepcións do Real Decreto do Estado de Alarma, nin en ningún dos seus acordos e Instrucións interpretativos posteriores.

6.- Pero lin que as persoas con discapacidade si poden saír a pasear...

Debemos manter sempre a información actualizada. O Real Decreto que declarou o estado de alarma non esgota todas as medidas pautadas polo Goberno Central.

Dende o día 14 de marzo téñense emitido Ordes, Instrucións e Acordos que completan o Real Decreto, que o matizan e que o interpretan.

Un deses textos é a "Instrución de 19 de marzo de 2020, do Ministerio de Sanidade, pola que se establecen criterios interpretativos para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19⁶"; que aclara algún punto relacionado coas excepcións que permiten deambular na vía pública.

Esta Instrución habilita a persoas con discapacidade (con alteracións da conduta, como por exemplo trastorno do espectro autista e condutas disruptivas), que poidan ver o seu estado de saúde agravado polo confinamento, a saír á rúa cunha persoa acompañante. Sempre, por suposto mantendo as debidas medidas de seguridade.

Permítese a saída a calquera persoa con discapacidade? Non.

As saídas permítese con todos os condicionantes mencionados⁷. Todos e cada un. Recordade o que mencionábamos: a idea xeral do estado de alarma é ficar na casa para vencer esta pandemia.

O uso, ou abuso, que poida facerse desta posibilidade vai condicionar, probabelmente, que se manteña no futuro. De toda a cidadanía depende facer un uso responsábel e garantista desta habilitación.

6 Podedes atopar o texto neste enlace: [https://www.boe.es/eli/es/ins/2020/03/19/\(1\)/con](https://www.boe.es/eli/es/ins/2020/03/19/(1)/con)

7 A Xunta de Galicia ten establecido un requisitos adicional: facerse acompañar dun informe de psicoloxía clínica que mencione a necesidade do "paseo terapéutico". Este informe poderá solicitarse a través da plataforma electrónica e-saúde. Podedes ver as instrucións do SERGAS neste enlace: <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/168/Instruci%3%b3ns%20para%20as%20persoas%20cunha%20situaci%3%b3n%20de%20necesidade%20por%20trastorno%20mental%20v%3%adas%20p%3%bablicas.pdf>
Cfr: <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2020/03/20/personas-trastorno-mental-podran-salidas-terapeuticas/00031584700380963698836.htm>

7.- Tiña que realizar un trámite administrativo nun prazo que está próximo a esgotarse, que fago?

Non te preocupes por iso... pero depende.

Un dos efectos do Real Decreto (Disposición Adicional Terceira) é a suspensión total dos prazos administrativos, dos xudiciais e de calquera acción ou dereito.

Porén, aconsellamos investigar concretamente se a Administración ou entidade ante a que temos que facer un trámite emitiu algún tipo de acordo para continuar os seus servizos.

Ademais disto, o Real Decreto que modificou o inicial do Estado de alarma dinos que a suspensión de prazos non se aplica, en principio, a materias de Seguridade Social (afiliación, liquidación e cotización) e Tributarias (relacionadas con impostos e especialmente no que respecta a prazos de presentación de autoliquidacións e declaracións)⁸.

Por exemplo: xa se ten anunciado que a Axencia Tributaria mantén o inicio do prazo da campaña da Renda 2019 para o 1 de abril⁹.

8.- Que pasa cos procedementos de cambio de sexo e nome rexistral xa presentados? E cos que queriamos presentar canto antes?

Empezando polo final, o Rexistro Civil é un dos servizos esenciais da Administración de Xustiza. Porén, non estará dispoñíbel para este tipo de trámites¹⁰, co que a presentación da solicitude terá que agardar até que se

8 Vid. Art. Único: <https://www.boe.es/eli/es/rd/2020/03/17/465>

9 Neste enlace podedes ver a norma xurídica que da encaixe a esta medida: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2020-3828>
E aquí o anuncio na web da Axencia Española de Administración Tributaria: https://www.agenciatributaria.es/AEAT.internet/Inicio/_componentes_/Le_interesa_conocer/Historico/2020/No_se_interrumpen_los_plazos_para_la_presentacion_de_declaraciones_y_autoliquidaciones_tributarias.shtml

10 Vid. Acordos adoptados pola Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial na sesión extraordinaria celebrada o 13 de marzo de 2020: <http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Servicios/Informacion-COVID-19/Acuerdos-de-la-Comision-Permanente/Acuerdos-de-la-Comision-Permanente-del-CGPJ-de-13-de-marzo-de-2020--Sesion-extraordinaria-Resolucion>, de 14 de marzo de 2020, do Secretario de Estado de Xustiza sobre servizos esenciais na Administración de Xustiza: <http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Servicios/Informacion-COVID-19/Informacion-Ministerio->

levante o estado de alarma. Non recomendamos saír á rúa para acudir aos Rexistros Cívís pois, insistimos, os trámites presenciais non son posíbeis¹¹.

No que respecta á primeira cuestión, debemos entender que a actividade do Rexistro Civil non se vai centrar en expedientes de cambio de nome, ou de cambio de sexo rexistral. Ademais, hai trámites necesarios, como a entrevista cx menor, que non parece que poidan realizarse. Neste sentido, entendemos que se manterán nun certo standby até que o estado de alarma finalice.

9.- E co trámite da Lei Trans Estatal?

Durante estes días, dende a Presidencia do Congreso e a Xunta de Portavoces foron tomadas medidas para suspender, ao mínimo imprescindible, a actividade do Congreso dos Deputados.

Neste sentido, manteranse plenos para validación de Reais-Decretos, e existirá comparecencia de membros do Executivo, pero non se vai seguir con outros trámites¹². Con isto, a Lei Trans estatal estará paralizada até que remate o estado de alarma.

(A data de actualización deste documento non está prevista ningunha actividade na axenda do Congreso dos Deputados¹³).

[de-Justicia-y-Fiscalia-General-del-Estado/Resolucion-del-Secretario-de-Estado-de-Justicia-sobre-servicios-esenciales-en-la-Administracion-de-Justicia](#)

11 Podedes ver neste enlace a guía práctica de funcionamento de órganos xudiciais elaborada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia: http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Poder-Judicial/Tribunales-Superiores-de-Justicia/TSJ-Galicia/En-Portada/COVID-19--Guia-practica-de-funcionamiento-aprobada-por-el-TSXG?fbclid=IwAR3Kblu5AOPlyLKl4kHiakEPDa6eRaLmo5IKuoLC9VkarCW8DdIGTWdHx_0

12 Fonte: http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/SalaPrensa/NotPre?piref73_7706063_73_1337373_1337373.next_page=/wc/detalleNotaSalaPrensa&idNotaSalaPrensa=35249&anyo=2020&mes=3&pagina=1&mostrarvolver=S&movil=null
Notas de prensa do Congreso dos Deputados:
<http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/SalaPrensa/NotPre>

13 Será preciso comprobar, de xeito actualizado, a axenda correspondente:
<http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/Actualidad>

10.- Teño un réxime de visitas, a consecuencia dunha separación ou un divorcio: debo seguir cumpríndoo?¹⁴

O réxime de visitas, agora e sempre, debe realizarse en termos de seguridade e garantías do interese superior dxs menores. En verbas da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial:

- “a necesidade de preservar a saúde dos fillos e dos proxenitores pode impor, segundo as circunstancias, a modulación ou a modificación d réxime de custodia, visitas e estancias, alterando ou suspendendo a execución das medidas acordadas ou determinando unha particular forma de levalas a cabo”.

É dicir, se cremos que pode existir algún tipo de risco para as crianzas, ou para nós, podemos (e debemos) solicitar que o réxime se altere.

En principio o pacto entre xs proxenitorxs será o modo ideal de solucionar esta situación. Por exemplo, mantendo a estancia cun/cunha delxs durante o estado de alarma, compensando con visitas adicionais á/ao outrx unha vez esta situación remate.

Recordemos que durante o estado de alarma, en principio, non se atopan en funcionamento os Puntos de Encontro Familiar.

Só cando non sexamos quen de chegar a un acordo, debemos solicitar á/ao Xuíz/a competente a adopción da medida máis axeitada. O Consello Xeral do Poder Xudicial opta por non dar unha resposta única, senón por deixar o estudo do caso concreto á Xustiza de cercanía. Cómpre ter en consideración que a situación de espallamento da pandemia non é uniforme en todo o territorio e quizais solucións válidas nun territorio, poden non ser totalmente proporcionadas ou aconsellábeis noutro.

¹⁴ Vid, información do Consello Xeral do Poder Xudicial, recollida no espazo web do Consello Xeral da Avogacía Española: <https://www.abogacia.es/actualidad/noticias/el-cgpi-establece-que-corresponde-al-juez-decidir-en-cada-caso-sobre-la-modificacion-del-regimen-de-custodia-visitas-y-estancias-acordado-en-los-procedimientos-de-familia/>

Recomendamos sempre o asesoramento dx nosx avogadx de confianza sobre esta materia, pois poderían emitirse acordos ou instrucións que difiran do contido deste documento.

11.-Estou sufrindo violencia de xénero¹⁵, discriminacións e/ou agresións LGTBíficas (presenciais ou online), que recursos existen?

Sobre todas as cousas, recorda que non estás soa/só.

Tanto as entidades de acción social¹⁶, como as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado¹⁷ seguen (seguimos) en plena actividade, preparadas para actuar fronte a calquera situación de violencia, discriminación, agresión ou acoso que poidas estar a sufrir, tanto de xeito presencial, naqueles espazos que compartas con outras persoas ou no teu domicilio, como a través das redes sociais.

A loita contra a violencia e as discriminación son áreas esenciais tamén da actividade xurisdiccional¹⁸. É dicir, todas as Administracións Públicas, entidades privadas e asociativo seguen ao teu carón, e están preparados para actuar. Tamén están en plena actividade xs avogadx en asistencia xurídica gratuíta¹⁹.

Ademais disto, e en casos de risco vital ou para a túa seguridade, saír á rúa está plenamente permitido, e non vas recibir ningunha sanción por isto. Neste sentido, os aloxamentos de emerxencia e de acollida teñen sido tamén declarados servizos esenciais e estarán ao teu dispor.

Por último, insistimos, calquera dos recursos existentes antes do estado de alarma que nos podían axudar a frear situacións de acoso online, seguen funcionando. Dende as canles de denuncia dentro das propias plataformas, como as existentes nos espazos web de Forzas e Corpos de Seguridade do

15 O Ministerio de Igualdade ten creado un espazo web específico, así como unha Guía completa para a violencia de xénero no estado de alarma: <http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/informacionUtil/covid19/home.htm>

16 Podes contactar con ARELAS, en calquera dos medios que se indican neste enderezo: <http://asociacionarelas.org/gl/contacta-con-nosotrxs-2/>

17 En verbas do Ministro do Interior, durante o estado de alarma estanse realizando máis de 3.000 comprobacións diarias: <https://www.lavanguardia.com/politica/20200326/48107233655/coronavirus-marlaska-reduccion-casos-violencia-genero-estado-alarma.html>

18 O acordo da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial de 13 de marzo inclúe como actividade esencial a dos Xulgados de Violencia, así como as relacionadas coas ordes de afastamento e protección: "Os xulgados de violencia sobre a muller realizarán os servizo de garda que lles corresponda. En particular deberán asegurar o ditado das ordes de protección e calquera medida cautelara en materia de violencia sobre a muller e menores "

19 Vid: "A resposta legal e institucional ao COVID19. Manual para avogados e avogadas", do Consello Xeral da Avogacía Española: <https://www.abogacia.es/publicaciones/informes/otros-informes/la-respuesta-legal-e-institucional-al-covid19-manual-para-abogados-abogadas/>

Estado, e outros organismos públicos²⁰.

No apartado de recursos que se contén ao final deste documento achegamos varias vías de interese, tanto para casos de violencia de xénero, como para agresións ou discriminacións lgtbifóbicas.

12.- Son autónomx, e preciso solicitar unha prestación por cese de actividade, a onde podo acudir?

Nestes días téñense anunciado un moi bo número de liñas de axudas, subvencións, achegas extraordinarias... algunhas delas están xa en vigor e outras precisan de se concretaren.

O mellor modo de se manter informados é seguir en contacto, se a temos, coas nosas xestorías. Sempre cunha relación telemática, as empresas ou profesionais de xestión forman parte, xunto con outrxs como a avogacía ou as Notarías, dunha serie de persoas que manteñen a súa actividade.

Se non temos xestoría á que recorrer, o mellor modo de nos manter ao día é o SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal). Este forma parte desas actividades da Administración que seguen en funcionamento, e cun esforzo extraordinario. As súas oficinas están pechadas²¹, pero xs profesionais seguen coa atención en modalidade telemática.

Neste enderezo web tedes acceso a un resumo das prestacións económicas que o Goberno ten aprobado: <http://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/comunicacion-institucional/noticias/detalle-noticia.html?folder=/2020/Marzo/&detail=rdl-medidas-urgentes-extraordinarias-impacto-covid19> .

Neste enlace tedes a sede electrónica do SEPE: <https://sede.sepe.gob.es/contacte/contacteFormulario.do>. Nela podedes contactar co órgano, e presentarlle todas as dúbidas que teñades. Tamén podedes acceder directamente aos trámites e facer vós mesmox o que máis vos interese.

20 Destacamos "Canal Prioritario". Trátase dun recurso rápido e directo da Axencia Española de Protección de Datos contra a difusión de imaxes lesivas na Rede. Permite a toma urxente de medidas, que contribúen eficazmente á cesación dalgunhas accións de acoso. Podedes atopar máis información aquí: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formNuevaReclamacion/canalprioritario.jsf>

21 Dende o pasado 16 de marzo as Oficinas SEPE non prestan atención ao público. O contacto deberá ser telefónico, ou a través da sede electrónica. Velaquí a nota de suspensión do servizo: <https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/comunicacion-institucional/noticias/detalle-noticia.html?folder=/2020/Marzo/&detail=medidas-excepcionales-de-atencion-en-las-oficinas-del-SEPE-a-consecuencia-del-coronavirus>

Aquí tedes algún enlace de utilidade:

- Neste podeades solicitar xa (dende o pasado día 18) cita previa web no SEPE. Recomendámosvos especialmente facer uso dela, para poder facilitar o traballo ás persoas que nos asisten:
<http://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/comunicacion-institucional/noticias/detalle-noticia.html?folder=/2020/Marzo/&detail=peticion-cita-previa-sepe>
- Información sobre prestación por desemprego:
<https://sede.sepe.gob.es/portalSedeEstaticos/flows/gestorContenidos?page=sv01>
- Cesamento de actividade para persoas autónomas:
<http://www.sepe.es/HomeSepe/autonomos/cese-actividad.html>

13.- A miña empresa acaba de se acoller a un ERTE. Iso que significa para min²²?

A data de 25 de marzo téñense solicitado na Galiza Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE's) afectando a 95.511 traballadorxs²³.

Un ERTE supón a perda de vencellamento dx traballador/a co seu posto de traballo, recuperando a mesma ao rematar a circunstancia que o orixinou. Neste caso, atopámonos con empresas que, debido ao paro produtivo, solicitan que o seu persoal pase ao desemprego, transitoriamente.

En principio non teriades que facer nada, pois dende a empresa, que tivo que solicitar o ERTE, informarán ao SEPE dxs traballadorxs afectados, e este órgano público tramitará xa as eventuais prestacións ás que teñades dereito.

Tede en conta que non se esixirá período mínimo de cotización para poderdes

22 Fontes:

-<https://www.sepe.es/HomeSepe/Personas/distributiva-prestaciones/quiero-cobrar-el-paro/afectadoERE.html>

-<https://www.lavanguardia.com/economia/20200320/474272215730/erte-empleo-paro-derechos-trabajador-que-es-cobrar-seguridad-social.html>

-<https://www.eleconomista.es/economia/noticias/10421953/03/20/Que-es-un-ERTE-y-como-afectara-a-trabajadores-y-empresas-en-Espana.html>

23 Fonte: https://galicia.economiadigital.es/directivos-y-empresas/la-cruz-de-los-erte-en-galicia-casi-100-00-trabajadores-afectados_20047245_102.html

acceder ás prestacións previstas nestes casos. Tampouco esgotará prestación por desemprego.

Nos ERTE cobrarán xs traballadorxs, en principio, o 70% da base de cotización, nun cálculo nos últimos 180 días cotizados.

Neste enderezo web tedes toda a información sobre os ERTE, os formularios para calquera trámite e información para profundar nalgunha condición específica:<https://www.sepe.es/HomeSepe/Personas/distributiva-prestaciones/quiero-cobrar-el-paro/afectadoERE.html>

Recordade: as oficinas do SEPE están fechadas, pero atenderán calquera dúbida que teñades ao respecto.

(Igual que acontece no caso doutras previsións económicas/laborais/sociais, e debido á especial incidencia de cambios, alteracións e matizacións, neste campo recomendamos especialmente consultar información o máis actualizada que sexa posíbel).

14.- Teño que seguir pagando a hipoteca durante o estado de alarma?

Dentro das moitas medidas económicas e sociais que o Goberno ten aprobado para facer fronte á situación de crise, contéplase a moratoria nos contratos hipotecarios²⁴.

Cómpre tomar en consideración que esta moratoria non se aplica, automaticamente, a todas as hipotecas, senón unicamente a aquelas subscritas por persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade. A propia norma defínenos esta situación:

- Caso de debedorxs hipotecarixs en situación de desemprego, ou cunha perda substancial de ingresos²⁵ (ou caída das vendas do noso negocio²⁶)
- Que os ingresos da unidade familiar, no mes anterior á solicitude da

24 Atoparemos a regulación desta moratoria nos artigos 7 e seguintes do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19: <https://www.boe.es/eli/es/rdl/2020/03/17/8/con>

25 No caso de que a carga que a hipoteca supón nos ingresos da unidade familiar se vexa multiplicada por 1,3.

26 Enténdese por esta a que é igual ou superior ao 40%.

moratoria non superen tres veces o IPREM²⁷. Este límite incrementase no caso de fillxs ou persoas de idade a cargo; e ten especialidades para o caso de persoas con discapacidade (superior ao 33%).

- Que a cota hipotecaria, sumándolle gastos e subministros, sexa superior ou igual ao 35% dos ingresos da unidade familiar (netos)

Verificados estes requisitos, podemos solicitar ao noso acredor (á entidade bancaria) unha moratoria, é dicir, un aprazamento das cotas; que terá que aplicarse dentro dos 15 días seguintes á solicitude.

Durante este tempo non se condonan os pagamentos, senón que se aprazan a un momento posterior: as cotas teremos que pagalas. Aínda que durante esta suspensión, non xeraremos novos intereses.

15.- Vin nunha cadea de WhatsApp que...

Nestes tempos, todxs recibimos unha cantidade enorme de información. Vídeos de quen afirma ser sanitarix²⁸, reclamamos urxentes de asistencia, datos clínicos, críticas á acción de Goberno...

Cómpre ter presente que se xa normalmente a Rede é un lugar no que proliferan as informacións dubiosas ou maliciosas, nestes días estas multiplícanse, por desgracia. Tal é a incidencia destes, que a propia Organización Mundial da Saúde mantén unha web activa para ir desmentindo algún dos máis populares bulos: <https://www.who.int/es/emergencias/diseases/novel-coronavirus-2019/advice-for-public/myth-busters>

Tamén poderedes atopar información sobre bulos en espazos web como "newtral.es" e "maldita.es", dedicados a comprobar informacións e desmontar imprecisións. Os dous contan con ferramentas ás que lles poderedes facer chegar informacións, coa finalidade de que a comprobem²⁹.

27 O Indicador Público de Renda a Efectos Múltiples é, para 2020, de 537,84 €/mes; ou 6.454,03 €/ano.

Cfr.: <http://www.interior.gob.es/web/servicios-al-ciudadano/normativa/leyes-ordinarias/ley-6/2018-de-3-de-julio>

28 Vid: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2020/03/22/audio-falso-sobre-hula-costarle-autora-tres-anos-carcel/0003_202003L22C1992.htm

29 Só como exemplo, neste link poderedes atopar un recopilatorio, de "maldita.es", cos bulos máis populares sobre o coronavirus (son máis de 200!): <https://maldita.es/malditobulo/2020/03/26/coronavirus-bulos-pandemia-prevenir-virus/>

Pero igual que somos nós o maior punto de loita contra a pandemia (quedando na casa), tamén o somos na loita contra a desinformación. Recomendámosvos antes de compartirdes calquera cousa sobre o COVID-19³⁰:

- **Tratade o que vos chegue como un potencial bulo:** desconfiade daquelas informacións que circulen viralmente ou que vos chegue directamente a grupos de WhatsApp, Facebook, Instagram, Twitter...
- **Ficade atentxs a pequenos sinais:** os erros ortográficos ou de sintaxe, o uso xeneralizado de maiúsculos, os saltos de formato ou o uso de cores rechamantes adoitan indicar que a publicación non é lexítima.
- **Confiade só nas fontes fiábeis:** se os datos que recibimos veñen da web dunha Administración ou unha Sociedade Científica, son de confianza. Se aparecen publicados en xornais que coñecedes, seguramente tamén.
Se ninguén asina a mensaxe dunha cadea, ou non podedes rastrexar de onde sae esa información, seguramente sexa falsa.
Sede esixentes e críticxs. Solicitade sempre fontes das informacións que recibides (tamén con respecto a este documento)
- **Fotografías e vídeos son fonte de fraude:** as imaxes ou os vídeos adoitan xogar coa nosa percepción³¹. Poden corresponder con lugares, tempos ou persoas que non son o que parecen.
- **Non saquedes datos de contexto:** hai decisións políticas que dependen dun grande conxunto de datos. Extraer un, e colocar consecuencias é arriscado. Debemos manter en mente que posiblemente non somos expertxs en todos os campos do saber e por tanto quizais nos aventuremos demasiado en valorar, como positivos ou como negativos, certos datos illados.

30 Fontes: Portal de información sanitaria isalud.com, espazo web do laboratorio pfizer.es, e I Guía contra bulos en Atención Primaria da Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia. Podedes consultar esta última neste enderezo: https://www.semg.es/images/stories/recursos/2019/documentos/1_guia_contra_los_bulos_e_n_ap.pdf

31 Só como exemplo, a campaña "Non difundas mentiras", da Xunta de Galicia, Ministerio de Sanidade e Organización Mundial da Saúde, difundida pola CRTVG: http://www.crtvg.es/informativos/non-difundas-bulos?fbclid=IwAR3BTOW2dpZVjVNETjMYy34VBzWzP7nk0b7uBouPs3_19JAh5oI4o9M94g8. Chama a, entre outros elementos, non compartir audios ou vídeos que non proveñan de fontes oficiais.

Algúns recursos adicionais

Neste apartado compartiremos algún enlace de interese. Iremos incrementándoos pouco a pouco!

Datos sanitarios e epidemiolóxicos

- Espazo web específico da Organización Mundial da Saúde: <https://www.who.int/es/emergencias/diseases/novel-coronavirus-2019>
- Espazo web específico do Servizo Galego de Saúde: <https://coronavirus.sergas.es/>
- Datos estatísticos a nivel galego: <https://galiciancovid19.info/>
- Información estatística nacional: <https://covid19.isciii.es/>
- Informes de situación diarios: <https://www.isciii.es/QueHacemos/Servicios/VigilanciaSaludPublicaRENAVE/EnfermedadesTransmisibles/Paginas/InformesCOVID-19.aspx>

Recursos de apoio e de entidades

- Documento de Preguntas e Respostas sobre medidas sociais contra o coronavirus, do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030: https://www.mscbs.gob.es/ssi/portada/docs/PREGUNTAS_FRECUENTES SOBRE LAS MEDIDAS SOCIALES CONTRA EL CORONAVIRUS.pdf
- Espazo web, con funcionalidade de “saída rápida” con información sobre violencia de xénero, do Ministerio de Igualdade: <http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/home.htm>
- Guía laboral práctica para afrontar a crise do COVID-19, da Unión Xeral de Traballadores (UXT): https://www.ugt.es/preguntas-y-respuestas-frecuentes-sobre-coronavirus-covid19?fbclid=IwAR2TfSbNTFBCsqPDndV9M7dwcAHpgM-52QKnUnRBN3varMZG6oAk4W0rR_U
- Liña de apoio a familias do Instituto galego de xestión para o terceiro

sector (IGAXES): https://www.igaxes.org/gl/abrimos-canal-de-atencion-as-familias-con-crianzas/?utm_campaign=enredesocial-boletin-no40-25-de-marzo-de-2020&utm_medium=email&utm_source=acumbamail

Liñas telefónicas de axuda, apoio e información

- **Número de información xeral sobre o coronavirus en Galicia: 900 400 116**
- **Teléfono social. Liña de apoio psicolóxico, acompañamento e apoio da Consellería de Política Social: 900 400 800³²**
- **Teléfono da muller, da Secretaría Xeral de Igualdade: 900 400 273³³**
- **Teléfono de información en caso de violencia de xénero (non deixa traza na factura telefónica): 016**
- Chatbot, a través de WhatsApp e en castelán, da Organización Mundial da Saúde, para información sobre o coronavirus: escribide "hola" ao +41 22 501 76 90³⁴
- Liña de apoio, do Concello da Coruña, para persoas soas: 900 920 500³⁵
- Liñas de apoio psicolóxico e emocional en caso de violencia de xénero (atención por WhatsApp): 682 91 61 36 e 682 50 85 07³⁶.
- Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia: 622 07 29 40³⁷

32 <http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/18603-900-400-800-telefono-social>

33 Nel poderedes atopar asesoría, anónima e gratuíta, con consello legal, sobre violencia de xénero, dereitos laborais, ou prestacións sociais, entre outras materias:
<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/telefono-da-muller>

34 https://www.paho.org/hq/index.php?option=com_content&view=article&id=15761:la-oms-lleva-la-informacion-de-la-covid-19-a-millones-a-traves-de-whatsapp-ahora-en-espanol&catid=740&lang=en&Itemid=1926

35 <https://www.coruna.gal/web/gl/actualidade/novas/nova/acompanote/suceso/1453723550224>

36 Contidas na guía de recursos contra a violencia de xénero no estado de alarma por COVID-19:
<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/informacionUtil/covid19/GuiaVictimasVGCovid19.pdf>

37 Podedes contactar a través do seu formulario web: <https://corunasenodio.org/gl/>

